



Idade Média
Século XX

O DESCANSO DENDE A IDADE MEDIA ATA OS NOSOS DÍAS

M.^a del Rosario Fernández González

(Departamento de Artes Decorativas e Etnografía)


AS CAMAS

Son numerosísimas as referencias bibliográficas e artísticas relativas ao descanso na **Idade Media**. A través de abundantes miniaturas, manuscritos, testamentos, podemos saber cales eran os costumes relacionados co sono. Algún deles é ben curioso, coma o feito de que ata o Renacemento a xente durmía espida pero coa cabeza cuberta...

Moito se ten falado da promiscuidade medieval, favorecida polo feito de compartir leito na vivenda pero tamén en pousadas, fondas, ventas ou hospitais. Este hábito considerábase un xesto de hospitalidade e sempre se agrupaban as persoas de status similar, reservándolles os leitos individuais, exclusivamente, aos que non tiñan a ninguén do mesmo rango.

A Igrexa criticou duramente estas prácticas de xuntanza e algunhas ordes, coma a de San Bieito, chegaron a prohibir que os monxes compartiran leito. O Museo Victoria & Albert acolle entre os seus fondos unha inmensa cama, coñecida como a gran cama de Ware, que supera os máis de tres metros de ancho, co que nos podemos facer unha idea das persoas que nela descansarían...

Durante o **románico** incorpórase aos leitos o dosel, coa finalidade de dificultarlles o acceso a roedores e insectos, axudar a acadar un microclima interior para combater o frío e as correntes de aire, tan cotiás, e ofrecer un pouco de intimidade. Colgado do teito da estancia, nun primeiro momento, e pendendo dunha armazón posteriormente, convértese entón ese



Cama medievais



Gran cama de Ware



Cama con dosel de teito




Cama-armario de Normandía

elemento nun escaparate da riqueza da casa a través de ricos panos dourados, veludo, seda, brocados ou bordados, chegando, xa no barroco, a dar multitude de variacións de camas dependendo da colocación do devandito dosel: "cama de audiencia", "cama á turca", "cama á imperial", "cama federación", "cama á italiana", "cama á polonesa"...

Nalgunhas rexións do Norte de Europa, estilábanse as camas-armario, leitos completamente pechados na procura de illarse o máis posible do frío e a humidade.

Na baixa Idade Media, faise imprescindible falar dun elemento doméstico, de clara tradición musulmá, o **estrado**. Adoptado plenamente como costume cristiá a finais do século XII, o estrado, ata o século XIV, é un espazo compartido por mulleres e homes nas habitacións privadas. Trátase dun lugar confortábel, xeralmente unido ao dormitorio, onde se podía mostrar a riqueza da vivenda. Con frecuencia, instalábase por riba dunha tarima empregada como illante do frío e a humidade pero non era algo imprescindible. Ricamente decorado con alfombras, coxins, almofadas, banquetas, gadamecis, mesiñas baixas ou taboleiros de xogo pasa, a partir do S.XIV, a ser un elemento exclusivamente feminino. Nel as damas cosen, rezan ou reciben visitas.

No **Renacemento** prodúcese, entre as diferentes cortes europeas, intensos intercambios culturais potenciados pola política matrimonial, base das relacións internacionais da época. Así, as unións entre Londres e Florencia, Castela e Venecia ou Flandres e Italia darán lugar a



Estrado de Dulcinea do Toboso

un gran enriquecemento cultural e artístico que tamén se verá reflectido no mobiliario. Non obstante, cada país desenvolverá un estilo propio que, no caso de España, terá unha indiscutíbel influencia árabe que lle achegará exquisitas formas a todo o mobiliario. No Cinquecento a cama característica é a de columnas balaustradas ou torneadas e adornada con xerras grandes, bulbos, piñas, follas, pendentes en forma de aro, volutas, brasóns, puttis... Adquiren agora protagonismo os traveseiros enriquecidos con escamas de peixe, follas ou flores.

No **Barroco** España asiste a unha enorme crise económica provocada polas continuas guerras que perseguían manter as posesións españolas no exterior. De maneira paradoxal, é neste momento cando as ansias polo luxo dos dirixentes chegan ao seu punto álxido. Ese gusto pola ostentación verase tamén reflectido no mobiliario que, influenciado polas



Dormitorio de Carlos V en Yuste

tendencias europeas, creará escolas rexionais entre as que sobresaen: a catalá, levantina e mallorquina, influídas pola estética veneciana; a castelá ligada a Francia e a Italia ou a galega con claros ecos de Portugal e de Inglaterra.

Conviven agora modelos de camas moi diferentes, podendo diferenciar o modelo portugués que se atopa en exemplares galegos e salmantinos, con cabeceiros rematados en volutas e entrelazos; o inglés con copetes de cunchas ou rocalla e patas cabriolé ou o veneciano magnificamente adoptado en todo o Levante peninsular (coñecidas como camas de Olot) e caracterizado por ter un copete de liñas sinuosas que no seu interior acostuma albergar escenas relixiosas ou o monograma da Virxe ou o Cristo.

Ainda que o mobiliario do **S.XIX** é considerado, moitas veces, impersoal, aparente e de materiais e técnicas pobres, hoxe queremos salientar a importancia das novidosas achegas do moble decimonónico intimamente ligadas aos avances tecnolóxicos, á introdución de novos costumes como o confort, a comodidade, á relaxación das ríxidas normas protocolarias das anteriores centurias e, como non, á salientable posición social da burguesía.

Conviven neste século moitos estilos polo que se fai imposible falar dunha única tendencia. No último ¼ **S.XVIII**, o rei **Carlos IV** introduce en España o modelo francés do estilo Luís XVI, adoptando elementos de tradición clásica coma as dimensións racionais, as formas rectas e os elementos decorativos gregos: ánforas, grecas ou roleos.



Camas levantinas

Fernando VII impón un estilo de moble máis sobrio e menos rico que o francés con exemplares que levan aplicacións de chapas metálicas, feitas en serie, con motivos mitolóxicos, loureiros, grilandas, estrelas ou esfinxes.

O estilo do moble da época de **Isabel II** segue a estética do Imperio francés con predominio da caoba e siluetas de góndola, cisnes ou dragóns.

Afonso XII pecha o século XIX cun moble inspirado no renacemento español e francés cunha volta aos arquiños, torneados e balaústres.

No 1.º ¼ do **S.XX** O **Art Nouveau** (1880-1914) instalouse en case toda Europa e nos EEUU como a tendencia estilista preponderante que en España adoptou o nome de **Modernismo**. Inspirado nas civilizacións orientais de Turquía, Norte de África e O Xapón, caracterizouse por romper con toda a tradición propia do século XIX mediante o abuso de liñas ondulantes baseadas nas formas da natureza e a arte floral (lianas, algas, nardos) combinadas coa funcionalidade das pezas.

Os **anos 40 e 50** do pasado século estiveron irremediabilmente condicionados pola Segunda Guerra Mundial. O dito conflito provocou unha gran escaseza de materias primas para a fabricación de mobiliario pero tamén fomentou a creatividade e a introdución de novos materiais na produción de mobles, empregando os avances tecnolóxicos desenvolvidos na guerra.



Cama Isabelina

O modernismo, influído por correntes como o construtivismo, futurismo cubismo ou a escola Bauhaus, derivou cara ao 1920 no **Art Déco**. Este novo movemento, en auxe ata a década dos **anos 50**, inspirouse nas primeiras vangardas e nos descubrimentos arqueolóxicos do Antigo Exipto.

Destaca agora o uso da simetría con formas cúbicas, rectangulares ou trapezoidais e, sobre todo, o emprego de materiais novidosos como o aluminio, o aceiro, a melanina ou a laca.



Cama Art Nouveau. Museo Casa Lys



Cama Art Nouveau. Museo Casa Lys

Nas décadas dos **anos 60 e 70** todas as ansias de superar a escaseza e a tristeza da posguerra plásmanse nunha nova sociedade de consumo na que brillan os movementos como o Pop Art con rompedoras propostas.

Pero é indiscutíbel que no século XX arquitectos e deseñadores, da talla de Jacobsen, os Eames, Mies van der Rohe, Philippe Starck, Wright ou Le Corbusier, farán da cadeira a total protagonista das creacións de mobles na pasada centuria relegando a cama a un segundo plano.